

A Xunta continúa a ignorar as necesidades de Oleiros en materia de seguridade viaria

Páxinas 12 e 13



Concello de  Oleiros

A deterioración da casa do mar de Mera afecta á súa estrutura

Páxina 14

Vivir en Oleiros

Número 34
Outubro 2010
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Vista do novo complexo deportivo da zona norte situado nas inmediacións da urbanización Rialta, en Dorneda



O Concello quere converter o museo dos Oleiros en ben de interese autonómico

Páxina 19

O Goberno local mellorará a seguridade viaria en Salvador de Madariaga

Páxina 7

Adquirido e posto a disposición da Xunta o terreo para o novo centro de ensino en Nós

Páxina 8

A NOVA PISCINA DE DORNEDA COMEZA A SÚA ACTIVIDADE

■ O complexo deportivo da zona norte do municipio, situado nas inmediacións da urbanización Rialta, en Dorneda, comeza a súa actividade. Coa inauguración desta nova piscina, que conta con varias salas para actividades e un completo ximnasio, mellórase a rede de instalacións deportivas. Na actualidade Oleiros conta con catro complexos deste tipo espallados polo seu territorio. Ademais, a partir do próximo ano unifícase a xestión destas instalacións, polo que unha persoa abonada poderá utilizar indistintamente calquera dos catro centros deportivos.

Páxina 5

Música, danza e teatro para o último trimestre do ano

O Concello de Oleiros presenta un completo programa cultural para o último trimestre do ano. Concertos musicais, espectáculos de danza e obras teatrais representan as principais ofertas ata o Nadal. Ademais a Feira do Mel que se celebrará o próximo 7 de novembro en Perillo completa a oferta de ocio.

Páxinas 20 e 21

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

ALTERNATIVA: UNHA ELECCIÓN DE CANDIDATOS SINGULAR, DEMOCRÁTICA E ABERTA

Nas últimas semanas os medios de comunicación fixeron un amplo seguimento das eleccións primarias socialistas que se levaron a cabo en varias cidades do estado, principalmente en Madrid. Porén, nunha vila chamada Oleiros, situada nun recuncho do NW da península Ibérica, isto non é unha novidade, xa que desde os anos 90 Alternativa dos Veciños vén elixindo os seus candidatos para as eleccións municipais en dous procedementos singulares e abertos a todos os veciños de Oleiros.

O primeiro deles, iníciase en cada

unha das dez localidades do municipio coa elección, mediante proceso asembleario aberto a todos os veciños que queiran participar, de tres candidatos por cada unha delas, agás en Perillo no que se elixen catro, o que fai un total de 31 persoas coas que se confeccionará a lista aberta que dará paso ao segundo proceso aprobado no Congreso celebrado en abril de 2010.

Este segundo proceso iniciárase coa convocatoria de eleccións primarias, previstas para o 5 de febreiro nas que calquera veciño de

Oleiros, maior de 18 anos vai poder elixir, mediante voto secreto, as 21 persoas que concorrerán ás eleccións municipais de maio de 2011 por Alternativa dos Veciños.

Este é un proceso totalmente aberto, transparente e democrático onde o verdadeiro poder para seleccionar os futuros concelleiros ou concelleiras radica no pobo de Oleiros e non nos órganos de dirección de Alternativa dos Veciños. Este sistema, único no estado, xa foi tratado en varios congresos internacionais de México e Bolonia, tamén foi estudado por inves-

tigadores das universidades de Trieste e Copenhague e proposto como modelo a seguir e exemplo de participación cidadá.

Desde aquí, Alternativa anima a todos os veciños e veciñas a que participen activamente nas asembleas abertas das súas localidades e logo nas primarias do 5 de febreiro para seleccionar os candidatos que, se a vontade popular así o decidise o vindeiro mes de maio, formen o mellor goberno para consolidar a Oleiros como un referente de boa xestión tanto en Galicia, como no resto do estado.

Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros



PABLO COBIÁN, ÚNICA OPCIÓN REAL DE CAMBIO EN OLEIROS

“El que quiera que cambie el alcalde sólo tiene un voto: el del Partido Popular”. Así de rotundo se manifestó Alberto Núñez Feijóo en la presentación de Pablo Cobián como candidato a la Alcaldía. El presidente del PP de Galicia destacó que cualquiera de los demás partidos facilitarían la continuidad del actual alcalde en su puesto, por lo que la única opción real de cambio es el PP.

El Partido Popular de Oleiros quiere mostrar su satisfacción y su agradecimiento al más de medio millar de vecinos de Oleiros que asistieron a dicho acto, en especial a los representantes de colectivos vecinales, culturales y sociales y de los trabajadores del Ayuntamiento; y reiterar que éste es un partido abierto a todos aquellos que quieran trabajar por un futuro mejor para Oleiros. En las próximas elecciones, los oleirenses tienen la opción de apostar por un Gobierno

local agotado y anclado en el pasado, en manos de un alcalde ya sin ideas que lleva más de 20 años en el cargo; o apostar por el cambio, por el futuro y el proyecto serio que representa Pablo Cobián para tomar las medidas que Oleiros necesita en estos momentos. Tal y como ya lo está haciendo el PP en la Xunta, partiendo del realismo, la austeridad, y la buena gestión.

Ahora más que nunca, es necesario apostar por el diálogo y la cooperación. Este Ayuntamiento no puede estar dirigido por políticos que se encuentren en una situación de enfrentamiento constante y en el punto de mira de los jueces.

La situación actual del ayuntamiento es como la de un equipo de fútbol con un gran presupuesto, al que un entrenador mediocre ha colocado al borde del descenso. El actual Gobierno local está agotado, falto de ideas y sin rumbo, por lo que es

necesario iniciar una nueva etapa llena de ilusión y esperanza con un nuevo proyecto para Oleiros inspirado en la exitosa gestión del actual gobierno de Feijóo en la Xunta. Lo primero que se necesita para resolver los problemas es reconocerlos y no ocultarlos o negarlos, como se hace ahora. El alcalde dice que a Oleiros no le afecta la crisis y que tiene una buena situación económica pero, al mismo tiempo, advierte que no va a haber inversiones porque no hay dinero, y pide un crédito de casi tres millones de euros que los oleirenses estaremos pagando durante diez o quince años. Los vecinos merecen un Gobierno que les diga la verdad y en este momento el único que lo hace es el Partido Popular. Oleiros necesita un alcalde que sepa dialogar y negociar, que se preocupe de buscar soluciones y no de generar problemas ni conflictos con todo el mundo. Hace falta

sentido común, seriedad y mano tendida. Eso es lo que el PP y Pablo Cobián ofrecen. El objetivo en esta etapa debe ser garantizar el bienestar y la calidad de vida que disfrutan muchos vecinos, y extenderlos al resto de la población, mejorándolos para todos. El PP tiene un equipo con garantías y un proyecto basado en la mejora del tejido productivo que permita superar la dependencia del ladrillo, en un urbanismo sostenible que aporte calidad de vida, y no en un urbanismo sostenido por la especulación.

Oleiros debe esforzarse por ser un referente en gestión medioambiental e innovación tecnológica al servicio de la población, y garantizar unos servicios de calidad para todos los vecinos, independientemente de dónde vivan.

El cambio es necesario y la única alternativa real y de futuro es el PP.

Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG - PSOE. Concello de Oleiros



PSdeG-PSOE: OLEIROS EN POSITIVO

Podemos afirmar, a nove meses de que remate o actual mandato da corporación municipal, que fomos os socialistas de Oleiros e os gobernos socialistas de España e de Galicia quen impulsamos tódalas actuacións importantes no Municipio. Aprobamos o Plan Xeral de Urbanismo, e impulsamos a nova Piscina Municipal de Dorneda, a nova Escola de Danza, a cubrición da Pista Polideportiva de Santa Cruz, e melloramos a maioría dos Parques Infantís do Concello. A Vía Ártabra, dende Lorbé ata Iñás, representa a maior inversión en estradas feita pola Xunta na historia de Oleiros; agora urxe comezar desde Iñás ata

a autovía A-6. O Centro de Día en Bastiagueiro, ou a Glorieta de Abeleiras son outras das realizacións promovidas polos socialistas.

O Goberno Municipal debe ser máis eficaz. Ten sen empezar numerosas obras que os socialistas aprobamos tamén nos últimos orzamentos. Contamos con orzamento suficiente para rematar xa a compra dos terreos para o Novo Colexio en Nós, para acometer un Plan de Reforma Integral en Santa Cristina, para modernizar o Pavillón Polideportivo de A Rabadeira, para o Novo Campo de Fútbol do Mera e para o Planeamento da nova Cidade

Deportiva de Bastiagueiro. ¿Porqué non se acometen estas obras coa dilixencia da Glorieta do Ché Guevara?

Nestes tres derradeiros anos os socialistas fixemos tamén oposición seria e rigorosa. Evitamos despilfarrar máis de 8 millóns de euros no macro-auditorio de Bastiagueiro, onde o alcalde acabaría cos recursos económicos do Concello na súa particular “Cidade da Cultura”. Tamén impedimos os socialistas o desaforado intento de subir taxas e impostos, por enriba do 30%, que propoñía o goberno de Alternativa.

A oposición construtiva do PSdeG-PSOE contrasta coa postura destrutiva do PP desde a Xunta e desde Oleiros. O Partido Popular non fixo máis que paralizar obras xa contratadas como a nova estrada de acceso ó Porto de Lorbé e conxelar a prolongación da Vía Ártabra en Cambre. Deixaron ademais sen axudas ós parados de Oleiros e boicotaron o Plan Xeral de Urbanismo.

Oleiros en positivo, esa seguirá a ser a posición dos socialistas. Políticas construtivas que impulsen iniciativas para mellorar a calidade de vida dos cidadáns.



Bloque Nacionalista Galego / Fina Quintáns Antelo. Portavoz do BNG no Concello de Oleiros.

EN DEFENSA DA CIDADANÍA, CONTRA O CANON DA AUGA DO PP

O BNG presentou recentemente no Pleno Municipal unha moción en que solicitaba á corporación que pedise ao Goberno galego a retirada do Proxecto de Lei de Augas de Galiza, e a elaboración dun novo texto que sexa sometido a consulta pública, recollendo o cumprimento da directiva marco da auga así como a garantía do acceso completo desta por toda a cidadanía galega en

igualdade de condicións. Con esta lei haberá subas no recibo da auga superiores nalgúns tramos ao 300%, se o proxecto de lei sae adiante nos termos en que foi redactado polo goberno do PP.

Esta lei obriga a instalar contadores homologados nos pozos particulares, baixo ameaza de multas de até 30.000 euros, ademais de que os usos

domésticos soportarán en maior medida a suba de impostos. Denunciamos que unha persoa que viva soa e cun consumo medio de 3 m³/mes verá a carga tributaria do seu recibo incrementarse máis dun 363%. No caso dunha familia de 3 membros, tendo a referencia dese mesmo consumo por persoa, o incremento será dun 171%. O BNG presentou con responsabilidade e dilixen-

cia no Pleno Municipal do pasado mes de xullo a moción para a retirada deste canon. O PP votou contra a moción do BNG e a Alternativa non a apoiou. Agora ambos os grupos terán que render contas por estes posicionamentos se a lei queda aprobada nos termos actuais, pois repercutirá moitísimo no prezo da auga e é iso mesmo o que o BNG denuncia.

EDITORIAL

● VÓS DECIDIDES

◆ Estamos no ocaso dunha lexislatura e no albor dunha nova campaña electoral na que as distintas e dispares formacións políticas e agrupacións veciñais deberán presentar os resultados obtidos ao longo destes catro anos e o programa de xestión para os vindeiros catro.

O obxectivo de todo isto non é outro que o de convencer ou influír na decisión dos cidadáns e das cidadás, para que se postulen por unha ou outra candidatura e que o seu voto vaia dirixido cara á que estimen como mellor opción para dirixir o destino dos concellos.

Serán moitas, e repetidas, as estratexias que, deseñadas e elaboradas polas maquinarias dos grandes partidos, pretendan convencer os votantes con regalos envelenados co ánimo de seducilos.

O futuro dos municipios está en xogo. A decisión que se tome debe ser meditada porque unha vez depositado o voto na urna non hai volta atrás. Por iso, non hai que deixarse engaiolar por falsas promesas e cantos de serea de políticos sen escrúpulos que non repararán en intentar comprar vontades alleas, xogando con situacións persoais e mesmo colectivas, ofrecendo todo aquilo que saben que non poden dar.

Chegou tamén o momento do desembarco por rúas, vilas e prazas daqueles que situados nas alturas da administración autonómica ou do estado, aos que nunca vimos atender ou resolver as demandas veciñais

e dos concellos veñen agora de caudillos apadriñando e falando das vontades inconfesas dos seus cachorros e como os bos charlatáns e feirantes pretenden darnos burro por cabalo.

Tampouco faltarán as campañas mediáticas nas que aqueles que ostentan os poderes de gran parte da administración autonómica ou estatal imponen criterios á “prensa libre” para amañar enquisas ou levar a cabo campañas que eleven o crédito dos seus candidatos en demérito dos seus adversarios políticos.

Os concellos deben estar administrados por mulleres e homes que sintan, que queiran o territorio no que residen, que o defendan de políticos corruptos, que leven a cabo políticas locais acordes ás necesidades dos seus residentes, lonxe das influencias dos grandes prebostes políticos ou de achegados de dubidosa reputación. Os concellos precisan representantes que promovan as artes, a cultura e a educación, que fomenten a convivencia e o benestar social, que velen polo ornato e os servizos públicos.

O momento é importante porque a cidadanía vai ter a posibilidade de consolidar ou cambiar os seus xestores políticos. Nesa decisión está o destino e o futuro dos concellos do estado e nesa importante decisión reflexiva deberá estar presente a boa gobernabilidade e a calidade de vida.

Os cidadáns e as cidadás teñen a última palabra co seu voto.

Orgullosos de vivir en OLEIROS





O CONCELLO ESTÁ A AMPLIAR A BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE, EN NÓS

◆ O Concello de Oleiros está a mellorar as instalacións da biblioteca Ánxel Fole de Nós. Esta sala, situada na casa do pobo de Nós, contaba con 85 metros cadrados de superficie e pasará a dispoñer preto de 200 metros cadrados para desenvolver actividades. Para realizar esta ampliación o Concello está a utilizar os metros da sala onde se encontraba situado o consultorio médico de Nós, que foi pechado recentemente tras a entrada en funcionamento do centro de saúde da Covada. Ademais estase a ampliar o número de postos de acceso a Internet, polo que cando remate a obra haberá oito novos postos para navegar pola rede.

Esta obra, que conta cun orzamento de 20.000 euros, estase a executar co traballo dos operarios municipais o que permite minimizar o gasto da obra, axilizar a súa xestión e evitar a tramitación dunha contrata externa.

CORTA DE MALEZA EN 206 CAMIÑOS RURAIS DO MUNICIPIO

◆ O Concello de Oleiros está a levar a cabo a limpeza nos lindes de 206 camiños municipais situados en zonas rústicas do municipio. O número total de metros lineais que serán limpados de maleza é de 119.220. O contrato asinado polo Concello para esta limpeza afecta a 21 camiños en Dexo, 34 en Dorneda, 17 en Iñás, 32 en Liáns, 15 en Maianca, 33 en Nós, 22 en Oleiros, 21 en Serantes e 11 en Perillo. Estes traballos, que se levan a cabo ao longo dos meses de outubro e novembro, repetiránse nos meses de maio e xuño próximos.

PARROQUIA	Nº CAMIÑOS	METROS LINEAIS
Dexo	21	18.214
Dorneda	34	16.820
Iñás	17	10.471
Liáns	32	13.897
Maianca	15	10.346
Nós	33	21.815
Oleiros	22	10.856
Serantes	21	14.273
Perillo	11	2.527

O GOBERNO LOCAL SEGUE A PAVIMENTAR RÚAS POR TODO O MUNICIPIO

◆ O Concello continúa coa súa política de mellora e asfaltado das rúas e camiños públicos. Recentemente asfaltouse a rúa A Marola e a rúa Castromén. Ambas situadas na parroquia de Dexo. Ademais tamén estes días se asfaltarán as rúas da Proba, Santo Domingo, o Esqueiro, Os Tarreos, todas elas en Dorneda, e a rúa Molina, na parroquia de Iñás. Por último, o Concello prevé levar a cabo nas próximas datas a primeira fase de asfaltado das rúas da urbanización Xardín de Nós.



OLEIROS SOLICITA Á XUNTA O ASFALTADO DE VARIOS CAMIÑOS RURAIS

◆ O Goberno municipal de Oleiros solicitou á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia que inclúa dentro do Plan de infraestruturas rurais o asfaltado de varios camiños do municipio. Trátase do camiño das Pedras, en Breixo, na parroquia de Dorneda e da rúa Catasol en Liáns. Ambos dun tránsito importante.

Ademais...

◆ O Goberno municipal de Oleiros acometerá unha serie de obras públicas que mellorarán distintas zonas do municipio de forma inminente. Deste xeito, nas próximas datas comezarán os traballos que permitirán habilitar novas prazas de aparcamento na praza de Agramar, en Perillo. Tamén se levará a cabo unha ordenación dunha rotonda na parte alta da urbanización Rialta, en Dorneda, onde ademais se creará

un novo espazo para os contedores do lixo. O Concello tamén levará a cabo o soterramento dos contedores do lixo na praza da Cultura en Perillo e eliminará as barreiras arquitectónicas do local electoral de Lorbé. Así mesmo, mellorarase o edificio de uso social A Paxareira, situado na zona da lagoa de Mera.

COMEZA A FUNCIONAR O NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DA ZONA NORTE



■ Con esta instalación Oleiros completa unha excelente rede de piscinas públicas e complexos deportivos.

Ao longo de 2011 o sistema de xestión destas instalacións unifícase, de forma que as persoas usuarias poidan utilizar indistintamente calquera das infraestruturas.



◆ O 1 de novembro comezou a funcionar o novo complexo deportivo situado nas inmediacións da urbanización Rialta, na localidade de Arillo, en Dorneda. Esta moderna instalación promovida polo Goberno local está composta por unha piscina de dous vasos e varias salas de actividades, así como un amplo e completo ximnasio. O investimento total nesta importante infraestrutura é de 3.258.116,45 euros, dos cales 2.659.694,40 euros, financiados polo Fondo Estatal, dedicáronse á construción do edificio, mentres que o investimento en dotación de material necesario para a práctica deportiva foi de 598.422,05 euros.

O complexo atenderá as demandas das persoas que se atopan na lista de espera das piscinas municipais, así como a de novos demandantes, especialmente da zona norte do municipio. O edificio podía ser cualificado como un pazo do deporte, polo seu innovador deseño e amplos e modernos servizos. A adxudicataria deste servizo foi a empresa Aqualia, que tamén se encargará de xestionar as piscinas situadas en Perillo e en Oleiros, unha vez que rematen os actuais contratos de explotación. Aqualia farase cargo do complexo deportivo de Oleiros en xuño de 2011, mentres que asumirá a xestión do complexo de Perillo e da piscina da Fábrica en novembro dese mesmo ano. Isto permitirá que

a partir de xuño e novembro de 2011 o sistema se unifique, permitindo a circulación libre de abonados e abonadas en calquera das instalacións. Así mesmo, unificaranse os prezos de todos os abonos.

Entre as novas vantaxes do novo funcionamento das piscinas destaca que a maior parte do persoal deportivo da piscina de Dorneda terá a titulación de licenciado en Educación Física, deste xeito preténdese mellorar por parte do Concello a cualificación, a preparación profesional e a atención aos veciños e ás veciñas. Ademais, nesta liña e como aposta do equipo de Goberno, adiántanse ao 2010 as táboas salariais do persoal das instalacións deportivas pactadas para o 2012, o que permitirá que o persoal destas instalacións en Oleiros sexa o mellor pagado de toda Galicia.

Unha vez que o sistema estea unificado, estarán programadas semanalmente ata 30 actividades deportivas dirixidas e gratuítas para os abonados e as abonadas no conxunto das catro piscinas. Este dato dá unha idea da dimensión do sistema deportivo oleirense, que complementa as actividades entre distintos centros, gañando en número, variedade e complementariedade horaria no programa de actividades.

VANTAXES ADMINISTRATIVAS

Se debido a calquera situación, imputable ou non ao adxudicatario, por exemplo unha folga, as instalacións permanecesen pechadas, o adxudicatario deberá facer efectiva a devolución ou o desconto da parte correspondente da cota ás persoas abonadas. O pagamento deberá facerse efectivo no prazo máximo dun mes, seguinte ao período en que se producise o peche, e polo mesmo sistema que a persoa usuaria realizou o ingreso do seu abono. Deste xeito, non se volverá dar a circunstancia de devolver diñeiro a través de cheques bancarios con cantidades ridículas.

CREACIÓN DO ABONO FAMILIAR

O Concello incorpora un abono familiar no que se pode incluír, sen límites a todos os membros da unidade familiar. É dicir todos os fillos menores de 25 anos, e non de 18 anos como estaba estipulado anteriormente. Deste xeito, o goberno local fai unha aposta con clara vocación social, tendo en conta a situación de desemprego e a falta de recursos económicos que sofre a mocidade. Así mesmo, as familias numerosas non terán que pagar suplementos por cada fillo que incorporen ao abono familiar.

HORARIOS DE APERTURA DO COMPLEXO DEPORTIVO DE DORNEDA

Inverno (do 1 de outubro ao 30 de xuño)

De luns a venres de 7.00 a 23.00 horas

Sábados de 9.00 a 13.00 horas e de 17.00 a 21.00 horas

Domingos e festivos de 10.00 a 14.00 horas

Verán (do 1 de xullo ao 30 de setembro)

De luns a venres de 8.00 a 14.00 horas e de 17.30 a 23.00 horas

Sábados de 9.00 a 13.00 e de 17.30 a 22.00 horas

Domingos e festivos de 10.00 horas a 14.00 horas

AS NAVES MUNICIPAIS DE IÑÁS AVANZAN A BO RITMO

◆ A construción das naves municipais de Iñás avanza a bo ritmo. De feito, o Goberno municipal espera poder ofertar o aluguer destas 20 naves ao longo do primeiro semestre de 2011. Estas instalacións, financiadas cos fondos do Goberno central para o fomento do emprego, coñecidos como Plan E, están destinadas a fomentar a creación e o asentamento no noso municipio de novas empresas, así como a mellorar a competitividade comercial de empresas xa existentes en Oleiros. Ademais estas naves municipais permitirán aloxar a actividade de determinadas industrias que actualmente se encontran situadas en zonas urbanas dos núcleos do municipio, o que representa unha problemática entre comunidades de veciños e empresarios por motivos de contaminación ambiental derivada da súa actividade.



CONTINÚA A MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS

◆ O Concello segue a traballar na mellora e no acondicionamento dos parques infantís do municipio. Neste momento estase a remodelar a mellora das instalacións infantís de Maianca, O Vieiro, Cavamontes e Os Regos. Ademais estase a mellorar o parque infantil da urbanización de Mesón da Auga, onde a Xunta instalara un minúsculo parque que contaba cun bambán e cun tobogán para os nenos e as nenas deste contorno.

A NOVA ESCOLA DE DANZA, DENTRO DOS PRAZOS PREVISTOS

◆ Estanse a cumprir os prazos na construción da nova sede da Escola Municipal de Danza situada na avenida Valle Inclán. O novo edificio permitirá en breve prazo ampliar o número de alumnos e alumnas que poderán cursar estudos nesta escola. Ademais, a nova sede permitirá liberar espazo nas instalacións da Fábrica que será dedicado a completar a Escola Municipal de Música e a habilitar locais de ensaio para músicos do municipio.



O GOBERNO LOCAL MELLORARÁ A SEGURIDADE VIARIA EN SALVADOR DE MADARIAGA ▶

◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane e os concelleiros de Obras Públicas e Servizos, Daniel Romero e Ignacio Taboada, están a manter diversas reunións cos veciños e coas veciñas da rúa Salvador de Madariaga, vía que une as localidades de Montrove e O Seixal. Estás reunións teñen como obxecto tratar os traballos de mellora da seguridade viaria na zona, xa que o Goberno local vai construír beirarrúas e beiravías neste punto do municipio. As características desta rúa e a actual carencia de beirarrúas convértena nun perigo constante para automóbiles e peóns. Nestas xuntanzas, o Concello solicita aos veciños a cesión do solo necesario para executar a obra. Pola súa parte, o Goberno local asumirá o custo total da obra e comprométese a repoñer os peches e servizos afectados. O Concello agradece a boa disposición que a maioría dos propietarios e das propietarias están a manter.



O CONCELLO CORRIXE A INXUSTIZA DA RÚA DA BREA

◆ Doce anos despois, e tras varios preitos provocados por un «veciño» que privatizara unha parte da rúa da Brea, por fin o Concello pode emendar a inxustiza que se cometeu cun grupo de veciños e veciñas que residen na zona e que se viron privados de servizos tan básicos como o acceso á rede de auga potable ou do dereito a fiestras na súa vivenda. Especialmente grave foi o caso do edificio situado entre a avenida Ramón Núñez Montero e a rúa da Brea, que leva máis de 30 anos construído, e cuxos propietarios se viron obrigados a tapiar as fiestras co grave problema de salubridade que isto supuxo para as súas vivendas. Finalmente, o Concello expropiou o tramo de rúa que fora privatizado.



ADQUIRIDOS OS TERREOS PARA O NOVO COLEXIO EN NÓS

◆ Despois dun ano e medio de conversas cos propietarios da Fundación Tenreiro, o Concello de Oleiros chegou a un acordo para a adquisición do solo necesario para construír un novo centro de ensino na localidade de Vilanova, na parroquia de Nós. A finca adquirida conta cun total de 11.946 metros cadrados e supuxo ao Concello de Oleiros un investimento de 300.000 euros. O terreo foi posto de inmediato a disposición da Consellería de Educación para que segundo o previsto, e dada a necesidade de prazas escolares no noso municipio, ao longo de 2011 se comece a construír o novo centro de ensino.

Este centro de ensino é unha vella demanda do Concello de Oleiros

que elixiu esta situación porque considera que a parroquia de Nós é unha zona da parte sur do municipio en pleno desenvolvemento. Coa construción deste novo colexio permitirase acoller aos novos futuros alumnos e alumnas, así como aliviar a situación de saturación de alumnado que están a sufrir determinados grupos dos catro centros de ensino cos que conta o municipio na actualidade.

O Goberno municipal cumpre así un dos obxectivos prioritarios dentro dos orzamentos de 2010. Agora a Xunta de Galicia non ten ningunha desculpa para levar adiante a construción deste necesario colexio na zona sur do municipio.

OLEIROS CONTA CON 68 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA MUNICIPAL ▼

◆ Oleiros ten 68 novas vivendas construídas ao abeiro da política de promoción de vivenda pública que leva a cabo o Goberno local. Estas vivendas serán ocupadas nas próximas datas polos seus propietarios, veciños e veciñas de Oleiros que se integraron nas cooperativas fomentadas polo Concello de Oleiros. Os propietarios foron os propios promotores das súas vivendas tras adquirir as parcelas municipais onde se edificaron. Estas 68 vivendas súmanse ás 482 que

nos últimos 6 anos promoveu o Concello de Oleiros en solo público municipal. Ademais, proximamente poñerase en marcha a edificación de 35 novas vivendas de protección, 27 na parroquia de Liáns, na localidade de Santa Cruz, fronte ao hotel Portocobo e 8 nas inmediacións da Casa do Concello. As cooperativas destas dúas promocións xa foron constituídas e se prevé a adxudicación do solo antes de final de ano.



■ Vista das últimas vivendas de promoción pública construídas na urbanización da Pezoca, en Santa María de Oleiros





■ Vista das vivendas de promoción pública municipal edificadas en Santa Cruz, na urbanización Meixón Frío

AS MENTIRAS E A INCOMPETENCIA DA XUNTA

■ O Goberno autonómico impide por escrito ao Concello construír un aparcadoiro na parcela de máis de 4000 m² que se cedeu para o centro de saúde de Oleiros.

◆ Unha vez máis móstrase a incompetencia e a mala fe do responsable municipal do PP en Oleiros e dos dirixentes da Consellería de Sanidade que queren facer ver que a carencia de prazas de aparcamento no centro de saúde da Covada non é responsabilidade súa. O Concello de Oleiros cedeu á Consellería de Sanidade para este fin unha parcela de máis de 4.000 metros cadrados. Ademais no momento en que o Concello estaba a realizar a urbanización deste contorno, a Consellería de Sanidade impediu por escrito á Alcaldía de Oleiros a posibilidade de construír o dito aparcadoiro comunicándolle que se abstivese de tocar a parcela, como se pode observar no documento que se reproduce a continuación.



Lémbrolle que en ningún caso, sen o previo consentimento deste organismo, poderá actuar sobre a parcela cedida, en acordo plenario de data 26/07/2007, por ese Concello ao SERGAS, salvo para executar a obra conforme ao asinado.

COA OPOSICIÓN DO PP, O PLENO REINTEGRA O CUSTO DO MANTEMENTO DA ZONA VERDE PÚBLICA AOS VECIÑOS DO GRAXAL I ▼

◆ O grupo de Goberno de Alternativa dos Veciños propuxo ao Pleno do Concello reintegrar aos veciños e ás veciñas da urbanización O Graxal I os gastos derivados do mantemento das zonas verdes públicas, e de titularidade municipal, que se encontran no contorno das súas vivendas. Os gastos do mantemento dos espazos axardinados son subvencionados polo Concello a través das entidades veciñais, pero neste caso, por motivos alleos á comunidade de veciños e debido a un problema coa xestión que administraba a urbanización os propietarios e as propietarias perderon a subvención correspondente aos anos 2006, 2007 e 2008, polo que tiveron que facer fronte a un gasto de 16.347,48 euros.

Negativa do PP

Finalmente, a proposta presentada polo alcalde foi aprobada co voto favorable de Alternativa dos Veciños e do grupo socialista, mentres que o BNG se abstuvo e o grupo do PP votou en contra de sufragar os gastos derivados do mantemento dos espazos públicos aos veciños e ás veciñas da urbanización do Graxal I. O portavoz do PP deixou patente a negativa do seu grupo a sufragar os gastos e propuxo como única solución que a entidade veciñal reclame por vía xudicial ao xestor esta cantidade que deixou de percibir.



O PLENO MUNICIPAL MODIFICA VARIAS ORDENANZAS FISCAIS

◆ O Pleno municipal acordou o pasado 30 de setembro modificar varias ordenanzas fiscais co obxectivo de garantir a calidade de atención aos veciños e ás veciñas do noso municipio. Entre as ordenanzas que se modificaron encóntrase a relativa regulación das plusvalías, onde se aumenta a porcentaxe de cálculo entre un 0,5 e un 0,8 en función dos anos que se leve sen transmitir a propiedade afectada ata un máximo de 20 anos, xa que as propiedades que leven máis de vinte anos sen transmitirse conservan o mesmo tratamento fiscal.

Na sesión plenaria tamén se acordou a creación dunha taxa municipal para a expedición de certificacións catastrais, única e exclusivamente, nos casos en que a consulta sexa relativa a unha propiedade situada fóra do municipio. O Concello de Oleiros, a través dun convenio suscrito coa Delegación de Facenda do Estado, dispón dun punto de información catastral e facilita estas consultas a calquera cidadán, sexa veciño ou non do municipio, en relación a calquera propiedade en todo o territorio nacional. Este servizo gratuíto elevaba cuantiosamente o traballo neste departamento municipal, xa que moitos cidadáns de fóra do municipio utilizaban o noso servizo para as súas consultas provocando unha considerable carga de traballo ao persoal responsable desta tarefa, coa conseguinte deterioración na calidade de atención aos veciños e ás veciñas oleirenses. Esta taxa fixa un custo de 6,45 euros para as certificacións literais e de 6,95 euros para as certificacións descritivas e gráficas de fincas situadas fóra do municipio.

Algo similar ao que sucedía no caso do servizo de consulta catastral, sucedía coa compulsión de documentos que se presentaban no Concello para o portelo único da Xunta de Galicia. O Goberno local constatou un



grande incremento do uso deste servizo por persoas alleas ao municipio, xa que o Concello de Oleiros o prestaba de forma gratuíta, mentres que nos concellos limítrofes supoñía un custo. Deste xeito, o Pleno municipal estableceu unha taxa por compulsión de documentos que se aplicará só a partir da terceira compulsión.

Así mesmo, o Pleno estableceu unha taxa para a solicitude de informes e atestados emitidos polo Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil. Ata o pasado mes de setembro estes informes emitíanse de forma gratuíta, mentres que os emitidos pola Policía local se encontran regulados e supoñen un custo. Deste xeito, as aseguradoras recorrían masivamente aos informes do Servizo de Emerxencias polo que se establece unha taxa de 20 euros para este tipo de solicitudes.

O SEGUNDO PRAZO DO CALENDARIO FISCAL REMATA O PRÓXIMO 20 DE NOVEMBRO

◆ O próximo 20 de novembro remata o segundo prazo do calendario fiscal. Neste segundo período débese aboar o pagamento de tres impostos: o IAE (Imposto sobre actividades económicas), o IBI-U (Imposto sobre bens inmoables urbanos) e o IBI-R (Imposto sobre bens inmoables rústicos).

O CONCELLO REGULA O SERVIZO DE LACERÍA ▼

◆ O Consorcio das Mariñas está a traballar na posta en marcha dun servizo de lacería único e común aos concellos que o compoñen. É habitual que se encontren nas rúas cans, gatos e outros animais de compañía que teñen que ser retirados e postos a salvo nunhas instalacións adecuadas. Este servizo supón un importante custo para as arcas municipais, xa que o Concello de Oleiros ten que aboar á empresa que

realiza este servizo un gasto de 147,50 euros por animal. Por este motivo e ata que este servizo non se realice de forma conxunta polo Consorcio, o Goberno local de Oleiros aprobou unha ordenanza fiscal que regula o custo da retirada de animais da vía pública e que repercute o seu custo no propietario do animal antes da súa retirada.



SE TES CAN, TES OBRIGAS

▶ é polo ben de todos, respecta as normas

...as bolsas son para usalas!

MENTRAS OLEIROS ASUME O CUSTO TOTAL DAS SÚAS DEPURADORAS E DOS 25 BOMBEOS

La Xunta gestiona 25 depuradoras con un coste de 9 millones

◆ Mentres a Xunta de Galicia presume de financiar o mantemento de 25 depuradoras por toda Galicia cun custo total de 9 millóns de euros, o Concello de Oleiros asume o custo total das dúas depuradoras coas que conta o municipio, unha situada en Dexo e outra en Oleiros. Ademais destas dúas depuradoras, o Concello tamén financia o mantemento dos 25 bombeos do municipio, ambos conceptos supoñen un custo para as arcas municipais de 366.663,56 euros anuais.

Sabía vostede que no recibo da auga a Xunta impón un canon de depuración de augas residuais? É dicir os veciños e as veciñas de Oleiros estamos a pagar dúas veces polo mantemento do sistema de depuración.

18 GALICIA

La Xunta gestiona 25 depuradoras con un coste de 9 millones

ASPIRA A CONTROLAR EL FUNCIONAMIENTO DE LAS 25 ESTACIONES QUE SE PREVEN PARA EL AÑO 2015

La Consellería de Medio Ambiente, Turismo e Infraestruturas aspiro actualmente 25 estacións depuradoras de augas residuais (EDAR), lo que implica unha inversión anual de máis de nove millóns de euros. No entanto, o conselleiro Agustín Fernández precisou que en un futuro non máis de 10 millóns serán necesarios para manter as estacións.

Estas 25 estacións suman unha capacidade de depuración para case 300.000 habitantes. Ademais, Agustín Fernández destacou que as depuradoras máis importantes alí onde se dan servizo son as situadas en localidades portuñesas de Galicia, que abastece a 132.260 habitantes de los municipios de O Porriño, Marín, Tui y Salceda de Caselas, y Placeres, que dá servizo en Pontevedra, Noia y Marín a un total de 251.200 veciños.

Recentemente, o conselleiro visitou as obras de la EDAR de Carballa, en el municipio coruñés de Carnelle, y asistió a la puesta en funcionamento de la estación de Purificación de Porto, tamén en el citado municipio.

Los traballos previstos en Carnelle consisten, entre outras infraestruturas, na construción de una estación depuradora con capacidade para un total medio de 3152 metros cúbicos por hora, que permitirá dar servizo a una población de 2.700 habitantes. Fernández avanzou que la puesta en marcha de esta estación, supoñe un custo de 9 millóns de euros.

de la consellería que dirixir ascende a 1,8 millóns de euros, está prevista para el próximo outono. Por outra parte, la estación depuradora de Porto do Porriño, que permitirá abastecer a unos 5.000 habitantes, contará con una inversión de máis de 6,1 millóns de euros.

Con la reorganización de Augas de Galicia en la nueva La de Augas, será este organismo el que desenvolverá las competencias de la gestión.

>>>Augas de Galicia gestiona las EDAR que los ayuntamientos ceden al Gobierno autonómico <<<

>>>Medio Ambiente prevé el saneamiento de todos los pueblos con más de 2.000 vecinos en 2015 <<<

>>>La Administración autonómica ya controlará 149 estaciones antes de final del año 2013 <<<

ción de las estaciones depuradoras de augas residuais, sempre que así lo quexan los ayuntamentos, ya que la normativa declara de interese de la comunidade o servizo de depuración. Hasta la fecha, la Administración autonómica galega va de forma directa un total de 25 depuradoras, cifra que la Xunta de Galicia pretende ampliar hasta 49 antes de que concluya el año 2013.

Aunque la acción de la gestión dependerá de los ayuntamentos, la administración galega espera que la mayoría acepte, dado que en diversas ocasións ya han aceptado a través de la Regame las dificultades para afrontar el custo de la depuración. Medio Ambiente estima el custo medio anual de mantemento de las 112 EDAR galegas en 25 millóns de euros. En 2010, fecha en que se iniciará el proceso de saneamiento en todos los localidades con máis de 2.000 habitantes, había 107 depuradoras, con un custo de 62 millóns de euros al año.

Depurar no es más que transformar la materia orgánica y otros contaminantes presentes en el agua residual en sólidos sedimentables fáciles de separar (los llamados lodos). Los residuos urbanos son generados a consecuencia de la actividad humana. Están compuestos principalmente por restos de necesidades fisiológicas (heces, orina), de la preparación de alimentos (desperdicios) y de productos de limpieza e higiene (jabones, grasas, detergentes, etc.). Todo este residuo urbano contamina la mención de las aguas residuais (EDAR). Así, tras ser sometidas a diversos procesos, se reduce al máximo su contaminación para ser devueltas al medio receptor en las mejores condicións posibles.

EDAR de Muris, que entró en funcionamiento este año. Foto: Pablo Díaz

Obras de la estación depuradora de Santa Comba. Foto: M. C.

CHAPUZA NO PORTO DE SANTA CRUZ ▼

◆ Despois de que o Concello de Oleiros denunciase publicamente o pasado mes de xullo a situación de serio perigo que se estaba a vivir no peirao de Santa Cruz, cuxo firme está realizado con lousas de granito que se estaban afundindo pola acción da marea no recheo desta instalación, Portos de Galicia decidiu resolver o problema facendo unha chapuza. A solución adoptada por Portos foi a de encher de cemento os ocos xerados polo afundimento das lousas. Esta solución provocou un afeamento do enlousado que agora presenta un aspecto irregular e, consecuentemente, ocasionou un degradado deste agradable e emblemático contorno da localidade de Santa Cruz.



A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO

HORARIOS: de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h ● **Sábados:** de 09:00 h a 14:00 h

AS OBRAS DA XUNTA, SEN RESPOSTA

■ No anterior número deste xornal recollíase unha extensa relación de obras pendentes por parte da Xunta de Galicia nas que se incluían ampliacións de calzadas, construcións de varias rotondas necesarias, así como a dotación por parte do Goberno autonómico de beiravías e beirarrúas en estradas da súa competencia. Destes proxectos pendentes só dous foron realizados, os pasos de peóns na área de Lóngora e na avenida Rosalía de Castro. Recordamos de novo cales son os proxectos pendentes por parte da Xunta e recolleamos as súas escusas por escrito para non desempeñalos.



■ 1. Beirarrúas e beiravías na estrada que desde o centro urbano de Oleiros se dirixe a Soñeiro



■ 5. Beirarrúas desde a rotonda das Pedreiras ata o colexio Cristo Rey



■ 2. Rondona de Santa Cruz



■ 6. Rondona de Arillo



■ 3. Rondona de Vilanova



■ 7. Beirarrúas da marxe dereita na avenida Che Guevara desde o restaurante Orlinda ata a rotonda de Nirvana



■ 4. Beirarrúas na estrada que desde Arillo se dirixe a Mera entre Lourido Grande e a intersección de Breixo



■ 8. Tramo de beirarrúas na marxe dereita baixando desde Lucín ata a ponte Pasaxe

◆ O Goberno local instou a Xunta a través do pleno da corporación o pasado 13 de maio a que realizase algunha das obras mencionadas, xa que o Concello considera que son prioritarias, urxentes e vitais para mellorar a seguridade viaria. O pasado 23 de agosto a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas contestou ao Concello de Oleiros sobre as súas peticións.

En relación ás obras demandadas polo Concello para a estrada que desde Perillo conduce a Lorbé, onde se solicitaba a reposición do firme en diversos tramos, a ampliación da calzada e a construción de beirarrúas no Seixal e en Breixo, así como a instalación dunha nova rotonda na intersección de Arillo, o Goberno autonómico sinalou na súa carta que se está a elaborar un proxecto de mellora, pero desde a Xunta non precisan o contido deste proxecto, nin a posible data da súa aprobación, nin a súa posterior execución.

Pola súa parte, en relación ás beirarrúas da rúa Salvador Allende, no lugar das Grobias, na parroquia de Nós, os responsables de Infraestruturas responderon que son conscientes da necesidade desta obra, pero que non existe ningunha previsión para afrontar este proxecto. Ademais a Xunta comunicou ao Concello que, en caso de que algún día se leve a cabo, o Concello deberá proporcionar o solo necesario para executar a obra.

O Concello de Oleiros lamenta a actitude de abandono cara ao Concello de Oleiros mantida pola Xunta de Galicia en relación á mellora do tráfico e da seguridade viaria, tanto para os vehículos, como para os peóns, nun municipio que é un dos principais accesos á comarca coruñesa.

A Xunta asegura que a rotonda de Vilanova «non é unha obra prioritaria»



■ A perigosidade da intersección de Vilanova solucionaríase coa construción dunha rotonda



■ O cruzamento das Grobias presenta serias carencias de seguridade viaria

◆ Respecto ás dúas rotondas que se demandaban por parte do Concello, unha na avenida Salvador Allende, no lugar da Chasqueira, no cruce de Pravio e Liáns, e outra en Vilanova, no cruce entre Manuel Murguía, Pilar Estevez Diéguez e Salvador Allende, a Xunta contestou no primeiro caso que se trata dunha competencia da Deputación Provincial e no segundo sinala que «non é unha obra prioritaria». Sobre as beirarrúas das Grobias, na mesma rúa Salvador Allende, a Xunta apunta na súa carta que a seguridade viaria é unha máxima nos obxectivos da Dirección Xeral de Infraestruturas, pero sempre dentro das posibilidades orzamentarias. É dicir, a Xunta contesta cun si pero non.

SEN PASOS DE PEÓNS NAS PEDREIRAS ►

◆ Ademais destas obras sen resposta, o Goberno local demandou ante a Xunta o pintado de pasos de peóns que piden os veciños e as veciñas da urbanización Os Regos. No lugar onde o Concello solicita a instalación deste paso de peóns está situada a parada de autobús, polo que a ausencia deste paso supón un alto risco para a seguridade das persoas que a diario utilizan o transporte público nesta zona.



A XUNTA SEGUE A IGNORAR A CASA DO MAR DE MERA

■ *O abandono da casa do mar de Mera por parte da Xunta de Galicia é total. As denuncias das que se facía eco o anterior número deste xornal, onde se informaba entre outras cousas da deterioración das fiestras e persianas, do lamentable estado da cafetería que se utiliza como almacén de chatarra e da situación das salas que se reservan para o uso das persoas maiores, que se atopan saturadas e contan cun mobiliario vello e obsoleto, seguen sen ter unha resposta por parte do Goberno autonómico.*

◆ A todas estas carencias sumáronse ademais os defectos estruturais que presenta o inmovble e que poden observarse na escaleira que dá acceso ao edificio, onde as gretas alcanzan un tamaño de varios centímetros. Ademais a casa do mar está a afundirse e a levantar unha das beirarrúas anexas. Tres das catro fachadas presentan danos e gretas visibles.

O Concello seguirá a denunciar o mísero estado que presenta esta instalación que depende da Xunta de Galicia e que debería estar a prestar un correcto servizo aos veciños e ás veciñas da zona. Como vén formulando desde hai tempo o Goberno local, a reforma do edificio pasaría por unha mellora da planta alta do edificio, para que funcionase de forma digna como centro social para maiores e unha ampliación das instalacións sanitarias utilizando o espazo que agora se encontra sen uso da planta baixa, para así dotar a zona norte dun centro de saúde de calidade que dispoña de novos servizos e que mellore a atención primaria e a equipare á doutras zonas do municipio.



▲ O dano estrutural que sofre a escaleira que dá acceso á casa do mar de Mera representa un perigo para as persoas usuarias



▲ Aspecto de total abandono que presentan as salas interiores da instalación de Mera



▼ O afundimento do edificio está a provocar o levantamento das beirarrúas anexas



▲ A deterioración na fachada do edificio é palpable a través das numerosas gretas que en ocasións, como se amosa nesta fotografía, presentan varios centímetros de grosor

O CENTRO DE DÍA DAS GALERAS REMATADO, PECHADO E BALEIRO ▼



■ *Unha vez máis, a Consellería de Traballo e Benestar Social amosa a súa inaptitude e a falta de interese ante os problemas sociais que se sofren en Oleiros. O pasado 2 de agosto de 2010 foi recepcionada a obra de construción do novo centro de día das Galeras. Este centro, que se comezou a construír durante o goberno bipartito, edificouse nunha parcela de máis de 3.000 metros cadrados cedida polo Goberno local de Oleiros. Ademais, os traballos foron financiados polo Goberno central a través dos fondos do Plan E. A pesar do forte investimento que supuxo a construción deste inmoble e do alto valor da parcela onde está situado, entre ambos supera os 2,5 millóns de euros, este complexo aínda se encontra pechado, sen prestar servizo e sen data para a súa apertura.*

◆ O novo centro de día das Galeras ten capacidade para albergar e prestar coidados a un total de 80 persoas maiores. No Concello de Oleiros existe unha forte demanda deste tipo de instalacións. Na actualidade, o municipio só dispón dunha instalación deste tipo. Trátase do centro de día situado no pazo de Arenaza. Esta instalación foi posta no seu día a disposición da Xunta de Galicia polo Concello de Oleiros cun compromiso de que podería prestar servizo a 40 persoas usuarias. O Concello de Oleiros asume o 30% do financiamento desta instalación que na actualidade, por impedimento da consellería, atende unicamente a 15 persoas.

Esta situación de abandono por parte da Xunta está provocando que moitos demandantes deste tipo de servizo do noso municipio están sendo desviados a outros centros noutros concellos de Galicia. O Goberno municipal non tolerará o abandono dos servizos públicos de obrigado cumprimento por parte do Goberno autonómico. Por este motivo, procederá a tomar diversas medidas ata lograr a apertura inmediata do centro de día das Galeras.



MARXINADOS DOS PROGRAMAS PARA OS CONCELLOS

■ *A Xunta denega por segunda vez unha axuda para construír un parque biosaudable e unha pista de monopatín.*

◆ O Goberno da Xunta de Galicia denegou, por segundo ano consecutivo, unha axuda económica para a instalación dun parque biosaudable en Mera e unha pista de monopatín na urbanización Rialta, na parroquia de Dorneda. Así foi publicado nos DOG do 11 e do 12 de agosto. O parque biosaudable que propoñía construír o Goberno local está composto por un grupo de seis aparatos que están especialmente deseñados para que as persoas

maiores poidan practicar exercicio físico. A situación proposta polo Concello é a praza da Baía, en Mera. O seu custo total é de 8.700 euros.

Pola súa parte, a pista de monopatín tiña un orzamento de 59.000 euros. As axudas para estes dous parques foron solicitadas nos anos 2009 e 2010 e denegadas en ambos casos.

CONTINUÁN AS ACTIVIDADES DO PROGRAMA 60+ DIRIXIDO ÁS PERSOAS MAIORES DE OLEIROS ▼



■ *Despois das vacacións de verán as persoas inscritas no Programa 60+ que desenvolven os Servizos Sociais do Concello de Oleiros volven de novo á actividade. En total son 405 as persoas que participan neste programa dirixido a veciños e veciñas de máis de 60 anos de idade. Desenvolver as actividades deste programa municipal permítenlles manter a saúde física, social e psicolóxica*

para previr problemas de diversa índole coa chagada da terceira idade. Estes obxectivos marcados polos técnicos municipais conséguense a través de espazos de participación comunitaria que potencian o descubrimento e a aprendizaxe. As persoas usuarias deste programa teñen a posibilidade de participar en actividades como ximnasia, ioga e relaxación, natación ou talleres de memoria.

Os grupos e especialidades son os seguintes:

XIMNASIA

- Casa da cultura de Perillo, martes e xoves ás 17.00 h
- Casa da República de Oleiros, martes e xoves ás 16.30 h
- Centro cívico de Santa Cruz, mércores e venres ás 17.15 h
- Casa do pobo de Nós, martes e xoves ás 18.15 h
- Casa do pobo de Mera, luns e venres ás 18.30 h
- Casa do pobo de Iñás, martes e xoves ás 17.30 h
- Casa do pobo de Lorbé, luns ás 17.00 h e venres ás 18.15 h
- Casa do pobo de Dorneda, mércores e venres ás 16.15 h
- Centro social de Montrove, martes e xoves ás 18.15 h

NATACIÓN

- Martes e xoves ás 11.00 h (autobús por Oleiros, Nós e Iñás)
- Martes e xoves ás 12.00 h (autobús por Dorneda e Santa Cruz)
- Mércores e venres ás 11.00 h (autobús por Dexo, Lorbé e Mera)
- Mércores e venres ás 12.00 h

IOGA E RELAXACIÓN

- Casa da cultura de Perillo, venres ás 17.00 h
- Casa do pobo de Nós, mércores ás 17.00 h
- Casa do pobo de Mera, xoves ás 17.00 h
- Casa do pobo de Dorneda, luns ás 17.00 h

TALLER DE MEMORIA

- Casa da cultura de Perillo, luns ás 16.15 h
- Centro social de Montrove, luns ás 18.30 h
- Centro cívico de Santa Cruz, martes ás 16.30 h
- Casa do pobo de Dexo, xoves ás 16.30 h
- Casa do pobo de Iñás, venres ás 17.00 h
- Casa do mar de Mera, mércores ás 17.00 h



ARRINCA O CURSO DE ACTIVIDADES OCUPACIONAIS

◆ O Concello de Oleiros, a través da Concellería de Benestar Social puxo en marcha o novo curso de actividades ocupacionais. Neste programa que se dirixe á comunidade en xeral e, de forma especial, a sectores da poboación en situación de vulnerabilidade social, participan 270 persoas maiores de 16 anos. As distintas actividades que se desenvolven perseguen o obxectivo de facilitar a participación e a integración social. As persoas participantes gozan de obradoiros de pintura, tapices, manualidades ou costura. Ademais tamén hai clases de encaixe de palillos.

OLEIROS PON EN MARCHA O PROGRAMA DE ASESORAMENTO SOBRE DROGAS

◆ O Concello de Oleiros pon en marcha unha nova edición dos puntos de asesoramento para pais e nais, así como os puntos de asesoramento para rapaces e rapazas. Estes puntos de asesoramentos enmárcanse dentro do Programa de educación para a saúde e prevención de drogas e alcohol, que o Centro de Información Xuvenil leva a cabo todos os anos co fin de ser un apoio ás familias de Oleiros, para que poidan desenvolver axeitadamente as súas funcións educativas e socializadoras e superar situacións de necesidade e risco social.

O servizo terá lugar todos os xoves, a partir do 16 de setembro no Centro de Información Xuvenil de 16.00 a 18.00 horas en sesións individuais e baixo a dirección dunha pedagoga. Todas as persoas interesadas en acudir a estes puntos poden solicitar cita previa no Centro de Información Xuvenil, na Fábrica (teléfono 981 636 598 ou no c.xuventude@oleiros.org).



A FESTA DAS MERENDIÑAS É POSIBLE GRAZAS A ELES

◆ A tradicional festa das Merendiñas que celebra o Goberno local de Oleiros é unha demostración de participación cidadá. Cada ano máis de cen voluntarios e voluntarias participan na organización deste evento onde se reúnen ao redor de 1.500 persoas maiores do noso municipio. O grupo de voluntarios está formado maioritariamente por membros das entidades veciñais e culturais do municipio, persoal do concello e membros de Protección Civil.

OCIOLEIROS VISITA TÚNEZ, CUBA E CANTABRIA



◆ Os tres grupos de gañadores do sorteo de Ocioleiros, o programa de actividades que organiza o Goberno local e que se realiza todos os anos do mes de febreiro ata maio, tiveron a oportunidade de gozar de tres interesantes viaxes. O máis novo, os rapaces e as rapazas de 14 a 17 anos, gozou dunha viaxe a Cantabria. O grupo estivo aloxado no albergue de Cabárceno. Entre as excursións e actividades que levaron a cabo destacan as visitas a Santander, Potes, Santillana del Mar, Fuente Dé e ao Parque da Natureza de Cabárceno. Ademais gozaron dun descenso en canoa polo río Deva, e visitaron as covas do Soplao e o museo das covas de Altamira, unha reprodución da cova de Altamira.

Pola súa parte, os dous grupos de maiores viaxaron a Túnez e a Cuba. O grupo que foi ao país africano tivo a oportunidade de facer unha ruta polo deserto do Sáhara e de coñecer as zonas de máis interese turístico do país magrebí. Mentres, o que viaxou ao país caribeño estivo na cidade de La Habana e gozou duns días de descanso na turística localidade de Varadero. Os tres grupos estiveron acompañados por representantes do Goberno local e algúns acompañantes que sufragaron a viaxe íntegra.



O NOVO DECATHLON DE OLEIROS CREA 130 POSTOS DE TRABAJO ▼



◆ O novo Decathlon inaugurado o pasado mes de setembro no polígono comercial de Iñás posibilitou que se creasen 130 novos postos de traballo no municipio. Ademais a apertura desta superficie comercial especializada en material deportivo contribuirá ao desenvolvemento do polígono de Iñás. O Concello de Oleiros, a través do Centro de Formación Isaac Díaz Pardo participou de forma activa na organización do proceso de selección, xa que a maior parte do novo persoal desta superficie comercial procede da listaxe de persoas desempregadas do propio centro de formación.

OLEIROS ESTASE A CONVERTER NUN DESTINO PREDILECTO PARA O TURISMO NACIONAL

◆ Oleiros estase a converter nun referente turístico no noroeste da península. O servizo de información turística prestouse este ano na nova oficina situada no paseo marítimo da praia de Santa Cristina.

Nesta nova oficina atendéronse miles de peticións de información, correspondentes ás persoas que visitaron o noso concello durante este verán. Así mesmo, atendéronse miles de solicitudes de información tanto por vía telefónica como por correo electrónico.

O Servizo de Turismo do Concello puido constatar que o 91% destas persoas que solicitaron información eran nacionais, destacando os procedentes de Madrid, Galicia, Castela e León, Asturias e País Vasco. Pola súa banda, o turismo estranxeiro procedía maioritariamente de países como Inglaterra, Portugal e Francia. O perfil do turista que visita Oleiros atende a unha familia ou grupo de 3 ou máis membros que visita Oleiros aconsellado por familiares ou amigos e a súa estancia media é de 7 días.



O CONCELLO EDITA UNHA COMPLETA GUÍA CIDADÁ ◀

◆ O Concello de Oleiros acaba de editar unha interesante guía con información cidadá. O documento, que inclúe un mapa completo do Concello, presenta un práctico e cómodo deseño que agrupa os contidos por áreas temáticas identificadas con diferentes cores. Nesta guía pode atoparse todo tipo de información de interese para os residentes no municipio e a localización de instalacións deportivas municipais, edificios administrativos ou centros de saúde. En total son 132 páxinas que inclúen máis de 120 fichas acompañadas dun plano de situación con información útil de primeira necesidade.

OLEIROS TRABALLA PARA QUE SE RECOÑEZA O MUSEO DOS OLEIROS COMO BEN DE INTERESE AUTONÓMICO



◆ Oleiros posúe unha das mellores coleccións de olería a nivel nacional. Esta colección que foi recompilada ao longo de moitas anos polo escritor, pintor e escultor José María Kaydeda e a súa muller Teresa, foi adquirida polo Concello de Oleiros a través dun convenio que deu lugar á creación do Museo dos Oleiros, situado nas Torres de Santa Cruz. Esta colección que permanece exposta ao longo de todo o ano no museo pode ser visitada de luns a venres en horario de mañá de 12.00 a 14.00 h e de 18.00 a 20.00 horas, polas tardes. As fins de semana as visitas realízanse con cita previa.

O Goberno municipal pretende que este museo municipal sexa recoñecido como ben de interese autonómico, polo que está a levar a cabo diversas xestións ante a Consellería de Cultura. Ademais, de forma paralela a estas xestións, o Goberno local está a realizar modificacións e melloras nas instalacións do museo co obxectivo de mellorar a divulgación desta fantástica colección, que posúe máis de 4.000 pezas distribuídas en dúas plantas. Se aínda non tivo a oportunidade de visitar esta colección ao carón da súa casa, animámoslle a que o faga.

O NOVO PORTAL DA WEB MUNICIPAL COMEZARÁ A FUNCIONAR ANTES DE FINAIS DE ANO ►

◆ O Concello de Oleiros disporá dun novo portal web que estará operativo e a disposición dos veciños e das veciñas antes de finais de ano. A nova páxina, que presenta un renovado deseño, mellora sensiblemente na accesibilidade e no volume de información a que as persoas usuarias poden acceder. Así mesmo, presenta unha innovadora estrutura que permite acceder á información por diferentes vías. Deste xeito, cada internauta poderá atopar a información que busca partindo de diferentes orixes. Poderase realizar unha busca por temas, acceder a través de criterios xeográficos, por perfil de usuario ou ben utilizando a estrutura orgánica do Concello.

A nova páxina web mellora sensiblemente os espazos máis utilizados tradicionalmente polas persoas usuarias en www.oleiros.org. Deste xeito, o espazo dedicado ás bibliotecas, á sección de urbanismo e aos espazos de comunicación e turismo, entre outros, mudan o seu aspecto e a súa estrutura atendendo aos criterios do persoal técnico municipal e en función das demandas realizadas polos veciños e polas veciñas.

Ademais, no novo portal web gaña moitísimo peso a administración electrónica, o que revolucionará a relación da cidadanía coa Administración local. Á Carpeta cidadá, aplicación que permite realizar en liña a maior parte dos trámites municipais, súmanse agora a Carpeta do provedor e a Carpeta de notaría. A nova Carpeta do provedor proporciona servizos de acceso á información e servizos propios que de cada provedor se dispoñan nos sistemas de xestión económica da institución, ben sexan solicitudes de aval, datos particulares, contas bancarias ou ben o estado ou operacións realizadas sobre as facturas. Pola súa parte, o portal de notaría e xestoría permitirá aos diferentes usuarios destes intermediarios autorizados e identificados no sistema, xerar autoliquidacións dos seus representados e pasalos a pagamento ou imprimir a carta de pagamento da autoliquidación.



DANZA, MÚSICA E TEATRO PARA DESPEDIR O ANO



■ O Concello de Oleiros presenta unha interesante programación cultural para o último trimestre do ano. Entre os espectáculos a destacar encóntranse a obra de teatro *Africanízate*, de Carlos Blanco, ou o espectáculo de danza *Sólodos* de Maruxa Sala. Ademais a oferta cultural complétase con exposicións e cos obradoiros de teatro e olería.

AFRICANÍZATE, UNHA COMEDIA SORPRELENDE

◆ A compañía Abada Teatro presenta o seu espectáculo *Africanízate*, de Carlos Blanco. A obra contará con dous pases no auditorio Gabriel García Márquez de Mera, o primeiro terá lugar o venres 29 de outubro ás 21.00 horas, mentres que o segundo será o sábado 30 ás 20.30 horas. Esta sorprendente comedia musical conta a historia dun europeo e un africano que se atopan nun barco. Durante a viaxe conversan, ironizan, cantan e descubren que hai moito máis en común do que eles mesmos pensaban. A obra de Blanco parte dos tópicos da emigración para chegar finalmente a unha reflexión sobre as relacións norte e sur. O prezo da entrada é de cinco euros.



JAZZ CON SABOR ARXENTINO NA FÁBRICA

◆ O auditorio do centro cultural A Fábrica acollerá o próximo día 6 de novembro a partir das 20.30 horas o concerto de Tangazz. O trío de jazz ofrece unha visión persoal dos clásicos tangos porteños aderezados co mellor do jazz. A entrada será libre ata completar a capacidade da sala.

NUNCA MENOS DEBUXA GALICIA EN CLAVE DE HUMOR ÁCIDO

◆ O próximo 13 de novembro ás 20.30 horas a compañía Fulano, Mengano e Citano representa *Nunca menos*, de Manuel Botana e Manuel Pombal. *Nunca menos* é un percorrido en clave de humor ácido a través da historia de Galicia, unha viaxe de ida e volta ao pasado de Galicia do que os libros de historia de España nunca nos quixeron falar. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. O espectáculo é para maiores de 12 anos. O prezo da entrada será de 3,50 euros.



A DANZA, PROTAGONISTA EN MERA

◆ A compañía de danza Neodans presentará o vindeiro sábado 27 de novembro ás 20.30 horas no auditorio Gabriel García Márquez o seu espectáculo *Sólodos*, baixo a dirección de Maruxa Salas e Erick Jiménez. *Sólodos* é un espectáculo formado por diferentes pezas de danza independentes entre si, son pequenos relatos bailados por só dúas persoas. *Caracola*, *Nozomi*, *Mareia* e *Vigilia en Ausencia* son as pezas que compoñen o espectáculo. Unha destas pezas, *Caracola*, foi galardoada con diferentes premios. As entradas, que terán un prezo de 3,50 euros poñeranse á venda a partir das 19.30 horas.

O DÍA GRANDE DO OBRADOIRO DE TEATRO

O alumnado do obradoiro municipal de teatro terá a oportunidade de amosar os seus dotes interpretativos o próximo xoves 25 de novembro no auditorio Gabriel García Márquez. Esta festa do teatro servirá de homenaxe e despedida ao obradoiro de 2010. A representación será sorpresa.

As persoas participantes neste obradoiro de teatro teñen a oportunidade de entrar en contacto co mundo dramático. Este obradoiro pretende proporcionar ao alumnado a posibilidade de analizar, comprender e comunicar ideas e sentimentos. As clases impartiranse no teatro municipal As Torres, de Santa Cruz os martes e os mércores das 18:00 ás 20:00 horas.

Ademais, os obradoiros de teatro municipal seguen a medrar, ao longo de 2011 o departamento de Cultura do Concello de Oleiros ten previsto poñer en marcha un novo obradoiro de teatro infantil.



ROBERT Y LOS MUCHACHITA EN CONCERTO

◆ O próximo sábado 4 de decembro o grupo musical Robert y los Muchachita tocarán no auditorio da Fábrica, en Perillo. Esta banda ten influencias do blues, o son dixie e o funkie máis puro. Ademais mesturan o seu son persoal coa bossa nova e a samba. As súas letras son desenfadadas e o seu ritmo anima a bailar. Un divertido concerto cuxo acceso será gratuito ata completar a capacidade do auditorio.

**A FAMILIA STRAUSS, RETROSPECTIVA MUSICAL**

◆ Iulius XIII presentará o próximo día 11 de decembro o concerto de violín, clarinete e piano: *Os Strauss e as súas obras*. Un regreso aos salóns de baile vieneses do século XIX. Valses e polcas da familia de músicos máis célebres da historia. O concerto terá lugar no auditorio cultural da Fábrica. A entrada será libre ata completar a capacidade do auditorio.

Ademais... ▼**EXPOSICIÓNS NA CASA CHARRY**

◆ A Casa Charry seguirá acollendo durante este último trimestre do ano varias exposicións de pintura, fotografía, escultura. O horario de apertura da sala é o seguinte: de luns a sábado, das 19:00 ás 21:00 horas. Coas exposicións queremos seguir adiante no empeño de difundir a cultura en todos os eidos e asemade, incidir no desenvolvemento da educación artística dos nosos veciños e das nosas veciñas.

**SEGUE O OBRADOIRO DE OLERÍA**

◆ Tras o parón do período estival retomouse a actividade dos obradoiros de teatro e olería que se desenvolven no municipio. O curso de olería realízase no alfar situado no parque das Torres, en Santa Cruz. Jose Luis Rivas é o mestre encargado un ano máis de impartir as clases. O obradoiro pretende que os alumnos e as alumnas aprecien o feito artesán e o identifiquen cos valores culturais do Concello e que coñezan o proceso de creación dunha peza de barro. As clases son os luns e martes de 16:30 a 18:30 horas e de 18:30 a 20:30 horas.

A FEIRA DO MEL CUMPRE 21 ANOS ▶

◆ O próximo domingo 7 de novembro a partir das 10.00 horas celebrarase a tradicional Feira do Mel no mercado de Perillo. Esta edición, que será a vixésimo primeira, contará con máis de vinte apicultores procedentes de toda a xeografía galega. Deste xeito, as persoas que visiten a feira poderán degustar diferentes clases de mel e apreciar os seus matices dependendo do tipo de vexetación de cada zona. Ademais do mel, nesta interesante feira comercialízanse outro tipo de produtos gastronómicos e cosméticos manufacturados a partir das artes da apicultura. A xornada estará amenizada con música da Banda Municipal de Música e coa actuación de distintos grupos de baile, entre eles, a agrupación Semente Nova.



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Oleiros, un referente para todos

De aquí a pouco todos os cidadáns seremos chamados á elección de novas corporacións locais. Como é natural, cada un de nós depositará o seu voto naquel municipio onde está censado; feito que pode dar pe perfectamente a cavilar ou facer unha pequena reflexión, non exenta dun certo desasosego ou mesmo pesimismo, a propósito da sorte que un pode correr en función do lugar no que reside, e ata que punto non é cuestión secundaria vivir no concello "A" ou no concello "B". Vexamos:

Quen isto escribe vive no concello de Bergondo, pertencente á mesma área metropolitana da cidade da Coruña ca Oleiros. Son pois moitas as semellanzas que existen entre estes dous e outros concellos da comarca, pois en boa lóxica comparten uns entornos xeográficos e socioeconómicos similares. Mais, apesares disto, as diferenzas no que atinxe á xestión municipal que calquera observador minimamente obxectivo pode detectar entre un Oleiros e un Bergondo son considerables. E sen embargo este exemplo de comparativa non é nin moito menos único no seo da comarca; fágase o mesmo entre realidades que se tocan como son Oleiros e Culleredo, ou Oleiros e Cambre... Verase claramente que mentres en Oleiros existe un "Plan" integral en aras do benestar e a calidade de vida dos veciños, noutros concellos, pola contra, o que se percibe é unha falta absoluta de estratexias globais.

En definitiva o desenvolvemento de políticas encamiñadas ao benestar da xente? Ben puidera ser porque en Oleiros existe algo que poderíamos chamar estabilidade institucional. E dicir, un equipo de goberno competente e ben dirixido dende hai máis de dúas décadas, que xunto con un movemento asociativo fortemente desenrolado no municipio, marcan un camiño alfombrado de resultados positivos. Porén, ¿Explicase o éxito como consecuencia do factor de estabilidade por si só? Obviamente non. Noutros lugares podería falarse tamén de estabilidade pois tamén os veciños dalgúns destes lugares ven dirixidos os seus destinos polos mesmos dende hai moitos anos, mais esta caste de estabilidade habería de ser cualificada como "estabilidade durminte", avalada e caracterizada polas políticas de "ir tirando". A diferenza -e a resposta á nosa pregunta- está máis ou menos desvelada: Contraposición entre as políticas do "ir tirando" de outros e o "Plan" de Oleiros; a "estabilidade durminte" de outros e a "estabilidade activa" de Oleiros.

Os que a pesar de non vivir no voso concello sabemos o que significa vivir en Oleiros, os que envexamos para os nosos respectivos municipios sorte parecida á que implica o "Modelo Oleiros", non podemos máis ca desexar que o camiño iniciado neste concello non se desvíe das orixes nin tome rumbos arriscados e de dubidosa viabilidade. Oleiros pode iniciar un camiño sen retorno, da man daqueles cuxa máxima aspiración consiste en render contas aos seus xefes de Santiago, ou pola contra, continuar a depositar a confianza en aqueles que teñen amosado con creces a súa competencia e implicación á fronte do concello. E isto deséxao algún que nunca creu no famoso dito de "máis vale malo coñecido ca bo por coñecer". Pero no que si creo firmemente é que: "máis vale o bo e coñecido ca o malo previsible"

J.A.L.V

La pasarela del castillo de Santa Cruz

Allá por los 90 cuando hacíamos botellón sin saberlo, una de las fantasías más recurrentes y queridas por los chavales de Santa Cruz era la de podernos llevar a una chica al Castillo, entretenerla y esperar a que subiera la marea para que no pudieran escapar.

Solíamos fantasear mucho con aquel maquiavélico plan, por alguna razón, debíamos pensar que el hecho de que no pudieran escapar, sin mojarse, produciría algún extraño embrujo que haría que cayeran rendidas ante nosotros. No se pero el hecho es que era una fantasía muy recurrente entre todos los quinceañeros de entonces, y por lo que sé no éramos muy originales porque ya nuestros abuelos nos contaron historias similares del castillo, supongo que, al igual que nosotros, solo fueron fantasías pero a los mayores les gusta contarlos como si realmente pasara, lo comúnmente denominado batallita; algo a lo que todos tarde o temprano acabaremos recurriendo.

Batallitas aparte, siempre disfrutamos mucho del castillo, en verano era nuestra playa privada, solíamos ir a tomar el sol en uno de los laterales, bajando por el muro podíamos bañarnos en las rocas, era bastante incomodo pero la sensación de privacidad para un chaval lo compensa todo, esa sensación de poder hacer cosas sin ser visto por adultos es increíble.

El día que menos imaginábamos el corazón nos dio un vuelco al ver unas enormes máquinas con grandes cilindros en la playa, sin saberlo, presenciamos el final de nuestra juventud y lo que es peor, la destrucción de nuestro sueño. La letra del cartel decía algo como relacionado con la "Accesibilidad" o "realización de pasarela peatonal".

¿¿Accesibilidad?? Nosotros ya accedíamos sin problemas, que razón había para tenerlo que compartir. Fue duro pensar que todo el mundo podría ir a "nuestro" sitio, bañarse en nuestras rocas, pasearse impunemente.. Pero lo horrible fue saber que nunca cumpliríamos nuestra fantasía.

Que te priven de ciertas cosas es normal en la vida, pero que te priven de una fantasía es muy extraño. No hay día que no vea a gente pasar por ella accediendo cómodamente, incluso osando reírse y los vea como ladrones de sueños.

Pasarela, te odio con todas mis fuerzas! Que pena que seas tan bonita..

Rodrigo Rodríguez Faraldo

O río de Maianca

A asociación de veciños de San Cosme de Maianca demándalle ao Concello que reclame ante Augas de Galicia a limpeza do río da dita localidade, no tramo da Igrexa ata o Regacho. Desde esta asociación en numerosos ocasións puxemos en coñecemento de Augas de Galicia a situación de abandono no que se atopa o leito e as beiras do río sen que atendesen a nosa petición. Esta parte da ribeira está chea de herbas e con moito lodo o que provoca en momentos de choivas abundantes inundacións e estragos en vivendas próximas e na estrada. Esta situación vén agravada polos impedimentos que pon Augas de Galicia para que os veciños que se puidesen ver afectados o acondicionen. A todo isto hai que engadir que as obras da Vía Ártabra están ocasionando un crecemento do río con augas moi

enlodadas, o que empeora o problema xa existente. Outro feito preocupante que queremos poñer en coñecemento do Concello, relacionado con este tema, son os vertidos de fecais que ocasionalmente se producen na zona da Igrexa provocando fortes cheiros e por suposto, a contaminación do río.

AA. VV San Cosme

O endeusamento dos candidatos

As fórmulas para a elección de candidatos ás eleccións municipais aportan unha medida moi axustada do grado de democracia interna no seo das distintas formacións políticas. Estes días o PP anuncia con profusión nos medios e tamén mediante pasquís moi distribuídos por todo o Concello de Oleiros a presentación do seu candidato á alcaldía da man mesmo do presidente da Xunta de Galicia, o mesmo que chegara en loor de multitudes á sardiñada de Mera, acompañado de fotógrafos de prensa e con aparato de benvido Mr. Marshall como inversión de futuro no candidato.

De xeito automático a reacción de moitos veciños de diversas tendencias ideolóxicas é a de preguntarse, en conversas intrascendentes de paseo matutino e tamén de café, de que proceso de selección ou de debate é froito a súa "nominación".

Por unha banda porque semella o mais natural que polo menos a militancia ao fronte dunha formación con tantos seguidores decida que o baño de multitudes do candidato logo de xuntanzas de traballo nas que se concede ou se renova o voto de confianza ao líder.

E por outra banda porque en Oleiros vense cualificando como ditatorial o mecanismo interno de funcionamento da Alternativa dos Veciños, que, sen embargo, elabora as súas listas a partir dun proceso de eleccións primarias, abertas, nas que poden votar tódolos veciños de calquera signo político sen excepcións.

Sería abrir a porta a un vento de renovación que tanto o PP como o PSOE e o BNG decidiran establecer procedementos de elección de candidatos a concelleiros e alcalde a partir de modelos que supoñan crítica participativa e sufraxio universal. Deste xeito, os candidatos serían persoas significadas pola súa traxectoria recoñecida de implicación na vida veciñal e non tanto polo que teñan medrado nos despachos e nas esferas intestinas do partido no que militan.

Os concellos pequenos precisamos de homes e mulleres que pensen e actúen como pedáneos, sen por iso renunciar a coñecer o que sucede no mundo e ser solidario con causas xustas alí onde faga falta. Mais os pedáneos non se fraguan nos despachos das sedes, nin nos mass-media, nin nas intrigas palaciegas dos corrillos no Hórreo... Os pedáneos cúrtense durante anos queimando horas e horas sen remunerar que poñen a proba e distinguen a quen está polo propio interese de que o fai polo interese da comunidade. E mais tarde, se reciben mandato a través das urnas, o cargo non é unha plataforma para consolidar a propia persoa e blindarse con poder e con diñeiro. O cargo é unha responsabilidade de renovar a confianza co traballo de cada día, os trescentos sesenta e cinco días, aínda que non sexan anos electorais.

S.L.F.

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Liás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI O Vilar / Nós	981 664 257
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Medra	13 novembro / 13 decembro / 12 xaneiro
Chea	23 outubro / 21 novembro / 21 decembro
Mingua	30 outubro / 28 novembro / 28 decembro
Nova	6 novembro / 5 decembro / 4 xaneiro

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



34.318
veciños/as
censados/as!

Ata o 4 de outubro, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.393
DORNEDA (San Martiño)	3.431
LIÁS (San Xurxo)	1.232
LIÁS (Santa Eulalia)	9.900
MAIANCA (San Cosme)	1.225
NÓS (San Pedro)	4.604
OLEIROS (Santa María)	2.954
PERILLO (Santa Leocadia)	8.012
SERANTES (San Xulián)	1.567
TOTAL	34.318

FARMACIAS DE GARDA

Datas

■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 22 ao 28 de outubro Do 31 de decembro ao 6 de xaneiro
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890	Do 29 de outubro ao 4 de novembro
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liás) ● Teléfono: 981 614 503	Do 5 ao 11 de novembro
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 12 ao 18 de novembro
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liás) ● Teléfono: 981 614 184	Do 19 ao 25 de novembro
■ MARÍA TERESA CHUCLÁ CUEVAS Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liás) ● Teléfono: 981 923 845	Do 26 de novembro ao 2 de decembro
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo)	Do 3 ao 9 de decembro
■ ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo)	Do 10 ao 16 de decembro
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 17 ao 23 de decembro
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 24 ao 30 de decembro

EN MARCHA: OS CONVENIOS PARA O NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA ZONA NORTE

◆ O Goberno municipal sacou a información pública os modelos do convenio para a obtención anticipada do solo previsto como sistema xeral no Plan xeral de ordenación municipal e no que se construíra o futuro campo de deportes da zona norte do municipio. Nesta instalación situarase o campo de fútbol que utilizará de forma preferente o Club Marino de Mera.

Nestes convenios garátese aos propietarios e ás propietarias do solo un aproveitamento urbanístico na parroquia de Serantes. Este aproveitamento urbanístico corresponderá co número de metros que cada propietario cede para o desenvolvemento dese importante complexo.

Unha vez rematado o prazo de publicación dos convenios procederase á súa sinatura e á escritura pública das cesións anticipadas. Isto daría a posibilidade inmediata de executar a primeira fase do complexo deportivo onde se inclúe o novo campo de fútbol.

O campo de deportes da zona norte do municipio é unha aposta do Goberno local que ten como obxectivo mellorar a calidade de vida dos veciños e das veciñas de Oleiros e dotar as parroquias da zona norte e os seus clubs deportivos dunhas instalacións óptimas para a práctica deportiva. O complexo contará cun campo de fútbol de céspede sintético de última xeración. Ademais este campo de fútbol contará con gradas e cómodos e amplos vestiarios. A iluminación permitirá desenvolver adestramentos e disputar partidos fóra sen luz natural.

■ Mapa no que se localizan os terreos onde o Concello prevé construír o novo campo de fútbol da zona norte do municipio

